



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Literatura Española do Século de Ouro 1	Código	613G01023	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoxía Española e Latina			
Coordinación	Martinez Lopez, Maria Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Profesorado	Martinez Lopez, Maria Josefa	Correo electrónico	maria.josefa.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta manteria é ampliar o estudo de autores e obras dos séculos XVI e XVII, completando o panorama básico ao que alumno accedeu na materia Literatura Española de 2º de Grao. A materia ocupase da poesía e do teatro dos séculos XVI e XVII, con un enfoque hitórico-filolóxico. Preténdese desenvolver a capacidade de lectura comprensiva e crítica e a capacidade de relacionar os aspectos históricos, culturais e estéticos. Asimesmo, preténdese que o estudante adquira o dominio técnico da análise de textos literarios dos séculos XVI e XVI, a capacidade de comunicación (síntese e análise) e a correcta expresión lingüística, oral e escrita, en castelán.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.	A7		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
	A3		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1.Introducción aos séculos XVI e XVII	1. Contexto sociohistórico 2. Contexto literario



2. A poesía nos séculos XVI y XVII	<ol style="list-style-type: none"> 1. Xéneros, metros e autores 2. Soneto 3. Canción 4. Égloga e epístola 5. Octava e silva 6. Outros
3. O teatro nos séculos XVI y XVII	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coordenadas da Comedia Nueva 2. Fórmula da Comedia Nueva 3. Xéneros 4. Comedia 5. Traxedia 6. Xéneros breves.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	60	60
Aprendizaxe colaborativa	15	5	20
Proba mixta	3	20	23
Sesión maxistral	21	0	21
Traballos tutelados	0	20	20
Actividades iniciais	3	0	3
Atención personalizada	3	0	3

***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	O estudante terá que realizar ao longo do cuadrimestre as lecturas relativas ás fontes primarias e secundarias da materia. A lectura das obras deberá estar finalizada con antelación ao momento no que comece a súa explicación nas aulas de aprendizaxe colaborativa. As lecturas deberán facerse nas edicións recomendadas na bibliografía. Proporcionarase ao estudante unha selección de textos de bibliografía secundaria para a contextualización dos temas.
Aprendizaxe colaborativa	Ao non existir na nomenclatura da guía a correspondente á disciplina filolóxica de comentario de texto literario, adoptase esta denominación. Semanalmente haberá unha sesión interactiva na que se realizarán actividades relativas á aplicación metodolóxica do comentario de texto literario aplicado aos textos obxectos da materia. Para realizar esta actividade, o estudante deberá ter traballado previamente o texto proposto para a análise de xeito a poner en común os resultados do seu traballo.
Proba mixta	Na data oficial marcada polo Centro, o estudante realizará unha proba na que demostrará os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos ao longo do curso.
Sesión maxistral	Haberá unha sesión maxistral por semana de noventa minutos de duración. LA responsabilidade desta sesión recae sobre a profesora. Os obxectivos das sesións serán a exposición dos rasgos máis salientables para os períodos literarios abordados dos xéneros e autores estudados.
Traballos tutelados	Partindo das obras dos autores obxecto da materia, ofrecerase ao estudante unha selección de posibles traballos de diversos tipos. O traballo será individual e a profesora supervisará o desenvolvemento do mesmo en hora de titorías.
Actividades iniciais	No primeiro día de aulas os estudantes realizarán individualmente un comentario de texto literario por escrito co fin de determinar o nivel xeral e adecuar así a impartición da materia cara a obxectivos de mellora e progreso. Nesta mesma sesión, darase conta das ferramentas metodolóxicas introductorias á materia.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao longo do cuadrimestre fixaranse as sesións de tutorías con cada un dos estudantes para supervisar os traballos en curso.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O traballo tratará dun tema á proposta do estudante e previamente acordado en tutoría coa profesora. Terá unha extensión de 10 de páxinas a 1.5 espazo interlíñal. Os criterios de avaliación serán: correcta estruturación do discurso (demostración e razoamento); corrección léxica, ortográfica e gramatical, así como a correcta presentación.	30
Proba mixta	Consistirá nunha proba teórica e práctica que medirá o aproveitamento da materia por parte do estudante. Os criterios de avaliación serán: adecuación da resposta á pregunta formulada, estruturación do discurso, corrección léxica, ortográfica e gramatical. Para superar a materia, a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	50
Aprendizaxe colaborativa	Nestas sesións o estudante deberá demostrar coa súa participación activa que ten traballado os materiais previamente sinalados pola profesora. Deberán realizarse dous comentarios de textos literarios de poesía por escrito. Os comentarios realizaranse na sesión de Grupo mediano previamente sinalada pola profesora. Un comentario será de poesía do XVI e outro de poesía do XVII. Cada comentario representará un 10% deste exercicio.	20

Observacións avaliación
<p>Non haberá control de lecturas, xa que a súa realización é imprescindible para a adquisición dos contidos teóricos e prácticos; así como para as aplicacións metodolóxicas da materia.</p> <p>Os traballos encomendados ao estudante: dous comentarios literarios e un traballo de curso tutorizado. Os comentarios realizaranse en clase na data indicada con antelación pola profesora.</p> <p>O traballo tutorizado entregarase o día indicado pola profesora con antelación suficiente respecto do exame da proba mixta, fixado pola Facultade. Calquera indicio de copia ou de plaxio da totalidade ou de parte de traballos alleos, especialmente dos que figuran en internet, conlevará a calificación de cero.</p> <p>Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria de xaneiro, terán que reelaborar na segunda oportunidade de xullo as actividades cuxos resultados teñan sido insatisfactorios. Manteranse as calificacións das actividades non reelaboradas. As porcentaxes das actividades seguirán a ser as arriba indicadas. Os alumnos que non teñan realizado as actividades ou non se teñan presentado á proba mixta en xaneiro, presentaranse na segunda oportunidade de xullo consonte ao sistema de avaliación seguinte: proba mixta (50%); 2 comentarios poesía (20%); 1 traballo (30%). Serán calificados en xaneiro con Non Presentado (N.P.) só aqueles estudantes que non se presenten á proba mixta e non realicen o traballo tutorizado.</p> <p>O alumnos aos que se lles teña concedida a dispensa académica terán que realizar as mesmas actividades que o restante dos da aula (dous comentarios, un traballo tutorizado e unha proba mixta), xa que non se reserva ningunha porcentaxe da avaliación á asistencia e participación na aula. ---</p>



Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria - (). .

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase ao estudante a asistencia ás aulas e a súa participación para poder preparar a materia de xeito progresivo. É fundamental comezar coa lectura das obras o antes posible para poder acadar o maior aproveitamento posible tanto nas sesións expositivas como nas interactivas. Lémbrese que para superar a materia é imprescindible o uso correcto do idioma tanto oral como escrito: ortografía, puntuación, corrección sintáctica e gramatical.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías